

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor presidente.

Pasamos ao punto tres da orde do día.

Proposición non de lei formulada polo G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Lage Tuñas, sobre a adopción de medidas para cambiar a normativa actual referente ás limitacións de construción e renovación de embarcacións de artes menores

A señora PRESIDENTA: A esta proposición non de lei foille presentada unha emenda polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, co número de documento 3186, que teñen as súas señorías no seu poder.

(O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación

Proponse o seguinte texto:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia para que adopte as medidas oportunas para cambiar a normativa básica estatal actual sobre as limitacións de construción e renovación de embarcacións de artes menores que faenen en augas exteriores e desenrole a normativa autonómica no referente á regulación da flota de pesca interior da Comunidade Autónoma – Decreto 197/2004”.)

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra o señor Lage Tuñas para formular a proposición non de lei.

O señor LAGE TUÑAS: Bo día, señora presidenta.

Señoras e señores deputados, a proposición non de lei que defendo hoxe aquí en nome do Grupo dos Socialistas de Galicia ten por obxecto darlle futuro á frota artesanal galega tentando arranxar unha situación herdada que afecta a día de hoxe a 3.465 embarcacións do noso país. Non estamos a falar soamente de ferramentas, de útiles de traballo, senón que falamos da viabilidade dun sector e, polo tanto, falamos de cidadáns que, sendo mariñeiros ou mariscadores, teñen moi complicado a día de hoxe moder-

nizar e renovar a súa embarcación e facer rendible a súa actividade.

Queremos acadar con esta proposición a corrección dun agravio para a frota pesqueira máis pequena, a mesma frota que tivo escasa atención nos últimos anos por parte de todos os gobernos. E falamos dos 3.465 pequenos barcos que traballan, na meirande parte, no interior das rías e que desde o ano 1997 non poden acadar a súa renovación aínda que os seus armadores o pretendan. Nós entendemos que o importante é que ese número de embarcacións, que por si só xa é importante –e é un dato creo que significativo dicir que representa o 64% de toda a frota galega–, son unha contribución fundamental á economía das zonas costeiras do noso país. Eses mesmos barcos atópanse no censo de artes menores do Cantábrico noroeste e desde o ano 1997 teñen limitacións para poder facer unha embarcación nova que substitúa a unha máis vella. E teñen esta limitación froito dunha normativa, dunha normativa que está recollida no Real decreto 1673/1997, do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. Esas limitacións mantivéronse tamén no tempo coa publicación dun novo real decreto –o 410, concretamente– no ano 2001.

Estas mesmas limitacións, que vou explicar a continuación, tamén foron traspasadas á lexislación autonómica mediante o Decreto 348/2004, da Consellería de Pesca, no mandato anterior, no que estaba o Goberno do Partido Popular á fronte da Xunta de Galicia. Tal e como apuntaba respecto das limitacións, teño que dicir que calquera que coñeza un pouco como é a actividade da frota artesanal se dará conta de que a súa meirande parte traballa no interior das rías, de que estamos a falar dunha parte moi significativa do marisqueo a flote de zonas como Arousa, O Freixo, Muros, Arcade ou Noia. E as características destas embarcacións son moi particulares, xa que teñen unha eslora de entre tres, seis ou sete metros e o seu arqueado bruto no supera 1 GT. Recórdolles que esta medida –dígoo porque moitas veces non se explican as cousas e é bo que se saiban– é a que serve para computar as súas posibilidades de renovación e contempla todos aqueles espazos de volume da propia embarcación. Pero ¿con que nos atopamos? Coa realidade singular, a realidade propia do noso país e a realidade da frota galega, que sitúa estes barcos entre as 0,4 e 1 GT, polo que para poder renovar teñen que xuntar varias lanchas ou embarcacións. Pero ademais sucede que 2.465 destes barcos se dedi-

can ao marisqueo, polo que unha embarcación de máis de 1,5 GT resulta, cando menos, inoperativa nunha parte importante –como poden ser as enseadas, nas que supoño que os que tiñan responsabilidades con anterioridade terían algo que apuntar–. Pero temos a normativa que temos porque alguén non fixo o que tiña que facer, que era preocuparse dos intereses da nosa xente.

A aplicación desta normativa vixente, que obriga a ter na nova construción que substitúe a unha vella máis de cinco metros de eslora e 1,5 GT de mínimo, fixo que a frota galega artesanal estea nun camiño sen saída. E eu creo que isto é bastante obvio se vemos o censo de buques que hai agora na Consellería de Pesca e o que había hai un ano, hai uns meses. Supoño que non inventou agora o Goberno galego un novo censo. A realidade é que moitas destas embarcacións non puideron renovarse. É máis, un armador tiña ás veces que xuntar ata tres embarcacións para acadar 1,5 GT, o que resultaba na práctica case imposible, ou, cando menos, creábase un mercado ficticio que todos sabemos no que derivou.

Nestes intres temos o 53% da frota de artes menores de Galicia con máis de 30 anos de idade. É máis, 252 lanchas teñen máis de 60 anos, e isto non é un dato que teña o Grupo Parlamentario Socialista senón que é un dato público que pode coñecer calquera grupo parlamentario socilitándollo á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos. E eu preguntome se se pode manter por máis tempo esta situación, se podemos seguir esquecendo a renovación da frota artesanal galega. Eu entendo que a resposta é moi clara e moi sinxela: entendo que non. ¿Para que nos escollen os cidadáns? Para que os representemos e defendamos os seus intereses, nin máis nin menos que a proposición que presenta aquí o Grupo Parlamentario Socialista vén defender un número importante de familias deste país que viron atrancos significativos na normativa que hai vixente, unha normativa de carácter estatal do ano 1997 que non foi modificada e que nós entendemos que debe de ser modificada.

Nós entendemos que, polo que nos contan, tecnicamente está demostrado que se poden facer lanchas de cinco metros de eslora, con menos arqueo bruto e que, ademais, reúnan as condicións axeitadas de seguridade e de navegabilidade. Polo tanto, entendemos que non é unha razón para manter unha frota tan envellecida e que poida supor unha ameaza polo feito de meterse en aspectos de seguridade; non esta-

mos a falar dunha ameaza para os seus tripulantes, estamos a falar de facer posible e viable a renovación da frota. Por iso os Socialistas de Galicia cremos que é necesario impulsar ese cambio na normativa actual que permita acadar a renovación da frota artesanal sen renunciar aos parámetros de seguridade. Sobre todo porque estamos a falar dunha frota que faena, como dicía antes, no interior das nosas rías e non en mar aberto. O novo Goberno –supoño que o recordan todos os grupos parlamentarios– xa manifestou nesta Cámara, a través da conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos, o seu interese de ter unha dedicación especial para coa frota artesanal, frota que, ao noso xuízo, non tivo o apoio necesario nos últimos anos. Polo que, recollendo o explicitado aquí polo Goberno, eu entendo que sería unha boa noticia –e así o entende o Grupo Parlamentario Socialista– que o Parlamento de Galicia apoiase esta proposición non de lei que puideramos facer o conxunto dos grupos e que se propicie unha negociación da Xunta e do Goberno de España para acadar un cambio na normativa que teña en conta a nosa singularidade, o noso feito diferencial. Refírome ás nosas rías, aos nosos fráxiles ecosistemas, á nosa realidade, en definitiva, que foi esquecida, obviada, cando alguén dispuxo o Real decreto do ano 1997 e despois o 410 en 2001. En definitiva, do que estamos a falar é de que se garanta que as pequenas embarcacións poidan acceder á súa renovación en igualdade de condicións que o resto da frota.

Para nós é unha cuestión de xustiza para con aqueles mariñeiros que aínda seguen traballando nas nosas rías con embarcacións de máis de 60 anos. Trátase de construír país aínda que a algúns lles poida dar a risa; algúns sorrín, pero tiveron responsabilidades e tiveron oportunidade de propiciar non só o cambio da normativa senón seguramente de impedir que a nosa realidade quedase fóra desa normativa.

Agora eu creo que nos toca facer o que facemos desde o Grupo Parlamentario Socialista: traballar en positivo; como facemos a través desta proposición non de lei, tratando de conseguir o máximo apoio de todos os grupos pero tratando de impulsar tamén unha acción do Goberno. Nós entendemos que sería bo que se emprendese esa negociación e acadáramos, por parte do Goberno de España, un cambio na normativa, que sería beneficioso. Cando digo que se trata de construír país, trátase de impulsar o cambio nunha normativa que nós entendemos que é inxusta e que deixou a Galicia, aos seus mariñeiros e aos seus mariscadores, en fóra de

xogo. Polo tanto, creo que non será preciso relatar as accións que outros gobernos puideron acometer e non acometeron, senón que se trata de mirar cara a adiante e, sobre todo, de propiciar un cambio nesa normativa para que traballemos non coa técnica do cangrexo, da que se falaba aquí con anterioridade, senón cunha visión máis ampla, e sobre todo que atendamos a aqueles que máis o necesitan. Ese é o interese que ten o Grupo Parlamentario Socialista e a ese interese esperamos que se sumen o resto dos grupos parlamentarios que hai na Cámara.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Paz Franco): Grazas, señor Lage.

Ábrese a rolda de intervención dos grupos parlamentarios.

Ten a palabra o señor Lobeira Domínguez polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor LOBEIRA DOMÍNGUEZ: Grazas, señora presidenta. Señoras deputadas, señores deputados, pretendemos desde o Bloque Nacionalista Galego que esta intervención sirva, polo menos, para dúas cuestións, para tocar dous ámbitos. Por unha banda, o que é a definición concreta do sentido de voto a esta proposición non de lei presentada polo Grupo Socialista, que xa adiantamos vai ser, obviamente, positivo, porque consideramos que é unha proposición non de lei moi acaída para o momento actual en función dos problemas que ten o sector pesqueiro e marisqueiro galego; e, por outra banda, unha reflexión tamén de fondo respecto do ámbito político-institucional no que se move esta problemática. Comezando polo comezo, como é obvio.

Vamos ver, é unha evidencia que a normativa actual no que ten que ver coa frota de baixura e de marisqueo a flote hai que cambiala. Isto non pode continuar así. Coa lei na man neste momento, coa actual lei vixente na man, dentro de dous anos este país queda sen a metade da frota de baixura; só aplicando a lei, a Lei de pesca vixente na actualidade, unilateralmente aprobada polo Partido Popular no seu día. No seu articulado, como é coñecido, por exemplo, impón un prazo de quince anos –que remata no ano 2008– para que aquelas embarcacións de máis de trinta anos non poidan acceder ao correspondente permiso de explotación e, polo

tanto, fiquen absolutamente fóra de calquera tipo de actividade pesqueira ou marisqueira.

O caso que nos leva neste momento, a través desta iniciativa, a discutir ten que ver cunha normativa estatal que tamén hai que cambiar. Ao que queremos chegar é ao seguinte: neste momento, boa parte da normativa vixente é un atranco para o desenvolvemento do sector pesqueiro galego, é así. Hai cousas que son absolutamente difíciles de entender conforme á literalidade moitas veces de determinados decretos, ordes, resolucións e mesmo da Lei de pesca vixente en aspectos como antes xa dixen. Polo tanto, hai que modificar profundamente toda esta normativa e a legalidade vixente. Desde logo, é un compromiso formulado no seu día pola conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos que esta Lei de pesca hai que..., pois, non sei se botala abaixo e facer unha nova, pero desde logo modificala indo á raíz dos problemas que ten neste momento o sector pesqueiro de baixura e de marisqueo a flote.

Nós imos votar favorablemente esta proposición non de lei porque fala precisamente de modificar a normativa. Se cadra, poderíase concretar en qué termos se podería modificar esa normativa, mais tamén é certo que é positivo o feito de que fiquen aberta esa modificación mesmo en función da opinión que poida ter o sector directamente afectado. É bo que os cambios legislativos e normativos que se adopten teñan en conta sempre –e que se fagan ao seu lado e acompañándoos– os intereses do sector pesqueiro e marisqueiro galego.

O que non podemos aceptar –pero por unha cuestión de lóxica e mesmo de coherencia xa non digo co que foron as nosas posicións durante moito tempo, senón coas que mantivo o propio Partido Popular mesmo legalmente, con cousas escritas no *Diario Oficial de Galiza*– é o sentido da emenda presentada polo Partido Popular. É alucinante, o Partido Popular aprobou no seu día un decreto que non desenvolveu, e pídelle ao Goberno actual que desenvolva o que non desenvolveu o Partido Popular. ¡É de nota! Para nós o decreto ese ten que desaparecer e hai que facer unha cousa nova. Pero aquí é libre cadaquén de pedir o que sexa. Insistimos, o que pide o Partido Popular é que se faga o que non se fixo, cun decreto aprobado, promulgado e publicado polo propio Partido Popular e que el mesmo non desenvolveu.

O problema que ten que ver en concreto coa iniciativa presentada e que é obxecto de debate neste momento é ben serio, e ao mesmo tempo ten ramificacións que van alén do que aparece na propia exposición de motivos desa proposición non de lei. Efectivamente, a normativa actual para a renovación da frota pesqueira establece unha eslora mínima de cinco metros e 1,5 GT mínimos para poder renovar esa embarcación; 1,5 GT que se asocian mecanicamente, en canto a tonelaxe, a 2,5 TRB –toneladas de rexistro bruto–. É evidente que nos bancos marisqueiros galegos, ou en moitos deles, faenar cunha embarcación de cinco metros ou co calado correspondente é materialmente imposible, mesmo en termos de seguranza. Por outra banda, a normativa vixente non recolle a posibilidade de que estas embarcacións de máis de 5 metros de eslora poidan ter, para acceder aos bancos marisqueiros, por exemplo, algún tipo de embarcación auxiliar. Por non existir, non existe nin sequera o folio ou a matriculación correspondente desas pequenas embarcacións auxiliares que poidan formar parte, dalgunha maneira, da embarcación base ou *nodriza*. En todo caso, é imposible ou é moi difícil desenvolver labores como o marisqueo a flote con esta normativa. Mais hai algo que tamén para nós é moi grave e que xa se está percibindo desde hai algún tempo.

Coa normativa actual, efectivamente, non pode haber embarcacións menores de cinco metros de eslora e menores de 1,5 GT asociados a 2,5 TRB –toneladas de rexistro bruto–. E a concesión de permisos de explotación para faenar con todo tipo de artes menores dentro dos anexos correspondentes aos fondos das rías resulta que non se pode realizar para este tipo de embarcacións. Co cal, embarcación que se renova no fondo das rías, embarcación que perde o seu permiso de explotación. Neste ano, neste mesmo ano, no Plan de explotación pesqueira da ría de Pontevedra, conxunto, entre varias confrarías, doce embarcacións de trasmallo non puideron renovar, non puideron incorporarse ao novo plano de explotación, como consecuencia desta normativa. O problema non é que non haxa choco na ría, que o hai –e, por certo, o ano pasado foi un moi bo ano de choco na ría de Pontevedra–; non é problema, por tanto, de recursos, senón que é un problema de traba legal por unha normativa que non se corresponde coas necesidades e coa realidade do sector ao que teoricamente vai dirixido. Por tanto, iso ten que desaparecer.

A nos gustaríanos inclusive que, con carácter de urxencia, casos como dos que estamos a falar... Insistimos, nun

único plano de explotación doce embarcacións ficaron fóra, e estamos a falar de máis de doce postos de traballo, loxicamente, pois poden ir dúas persoas aproximadamente nestas embarcacións. Urxe un plan de trasmallos, como dixeran con anterioridade.

E, finalmente, a reflexión de fondo á que me referín con anterioridade. Eu son nacionalista galego. Aspiro algún día a pisar o chan dunha patria soberana, dunha Galiza liberada. E todo iso non é nin capricho nin romanticismo, iso é meterlle o dente e resolver problemas concretos que ten a sociedade, e, neste caso, por exemplo, o sector pesqueiro de baixura ou o sector marisqueiro.

¿Onde vou ir? A dar solucións concretas. Non é normal que cando estamos a falar do artigo 27 do vixente Estatuto de autonomía de Galiza, que lle dá ao noso país competencias exclusivas na pesca en augas interiores, por tanto, nas nosas rías, porén, todo o que ten que ver coas construcións, coas caracterizacións técnicas das embarcacións, dependa dunhas capitánías marítimas que forman parte da Dirección Xeral da Mariña Mercante, por tanto, Ministerio de Fomento, Goberno español, que é quen finalmente dita normas, quen legisla, quen nos di que tipo de embarcacións poden faenar ou non, que características técnicas teñen que ter esas embarcacións ou quen legaliza ou non as embarcacións de baixura. Por tanto, non é unha cuestión nin de romanticismo nin de capricho. É unha cuestión de resolver os problemas fundamentais que ten a nosa nación.

O Ministerio de Fomento e o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación neste momento teñen unha capacidade política en aspectos chave, mesmo que chocan ou colisionan eventualmente con competencias nosas, que temos que resolver. Por iso cando falamos dun estatuto de nación para Galiza, cando falamos de competencias blindadas para o noso país en ámbitos como este, é iso o que queremos resolver. Non é de recibo, en definitiva, que nos veña un señor de Madrid impoñer unha lexislación igual para todo o Estado español cando aquí, en Galiza, temos uns bancos marisqueiros e unha singularidade nas rías que non existe en ningunha outra parte do Estado español.

Eu ben sei que para o Estado español legalmente, en termos pesqueiros, isto é “caladero Cantábrico-Noroeste”, pero nós non queremos ser cantábrico-noroeste, nós queremos ser

costa galega con toda a súa singularidade, e en coordinación, naturalmente, co Cantábrico, con Portugal, co “mundo mundial”, coas estrelas siderais e con todo tipo de galaxias. Queremos estar coordinados con todo o mundo, que non pensen que queremos meter a famosa “muralla de grelos”, non é esa a cuestión. Trátase de resolver os nosos problemas, e para iso precisamos de poder político propio.

Por tanto, imos votar favorablemente esta proposición non de lei, pois pensamos que é correcta, acaída, necesaria, e gustaríanos que estes cambios normativos se fixeran no menor prazo de tempo posíbel e, loxicamente, contando co sentir e cos intereses do sector pesqueiro de baixura e do marisqueiro afectados.

Grazas, señora presidenta.

A señora PRESIDENTA (Paz Franco): Moitas grazas, señor Lobeira.

Antes de continuar co debate deste punto teño que pedir-lle desculpas ao Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e ao señor Lobeira porque, por un erro no guión do Pleno e por unha falta de reflexos de quen neste momento está exercendo de presidenta, dinlle a palabra a vostede antes que a quen tiña que falar en primeiro lugar, que é a señora Mato como defensora da emenda, por tanto, vostede tívose que posicionar sobre unha emenda que aínda non fora defendida. Por iso lles pido desculpas a todos os deputados e deputadas, e espero que non volva ocorrer.

Agora ten a palabra, polo grupo emendante, a señora Mato Otero.

A señora MATO OTERO: Grazas, señora presidenta.

Bos días, señorías.

Señor portavoz nacionalista, *¡quien lo ha visto y quien lo ve!* Romántico, non, pero suave... suavizou moitísimo desde que está no Goberno. Non é cuestión de romanticismo.

O primeiro de todo, para poñer en valor esta proposición non de lei, quero facer un pouquiño de historia, xa que ultimamente parece que estamos a esquecer o que xa se ten feito ou, en todo caso, o que está iniciado.

Falaba o portavoz do PSOE nesta proposición non de lei dun decreto, do Real decreto 410/2001, polo que se regula a pesca de artes fixas no caladoiro nacional Cantábrico-Noroeste, que di o que xa mencionaron o Bloque Nacionalista Galego e o PSOE sobre as condicións das embarcacións que teñen que exercer a pesca de artes menores, que deben de ter un mínimo de cinco metros de eslora e un arqueo mínimo de 1,5 GT.

Como era lóxico, e dado que esta normativa era unha normativa básica, incorporouse ao ordenamento xurídico galego dentro do Decreto 348, tamén mencionado polo Grupo Socialista, que recolle no seu artigo 8.1 o mesmo: As condicións das embarcacións de nova construción deben ter un arqueo mínimo de 1,5 GT e cinco metros de eslora.

Esta inclusión na lexislación autonómica foi necesaria, señor portavoz do PSOE, sobre todo tendo en conta as axudas á renovación da flota que tiña os límites das embarcacións similares, e Galicia debía facer todo o posible para que as ditas embarcacións se visen beneficiadas polas citadas axudas. Non é verdade que houbera ningún agravio comparativo e, desde logo, non é verdade que houbera escasa atención á frota artesanal, á frota de baixura, por parte do Goberno anterior, senón máis ben xusto todo o contrario. Polo tanto, semella xustificable que se estimulase a construción de embarcacións de artes menores dunha dimensión maior por dúas razóns basicamente. Por un lado, porque falamos de embarcacións e unidades que traballan tanto en augas exteriores como en augas interiores. Señor Laxe, acórdese de que entre as rías tamén están as altas, e na ría de Corme e Laxe, e en Malpica, cinco metros de eslora é mar aberto. Por outro lado, tamén tiñamos que falar de motivos de seguridade. Non necesito explicar aquí neste momento a perigosidade do noso mar. E recórdolles, señorías, que falamos de cinco metros de eslora.

Con todo isto, o Grupo Popular vai apoiar a proposición non de lei, pero quero explicar-lles o motivo da nosa emenda. Como todos coñecemos ben, as embarcacións galegas de artes menores poden alternar, que non simultanear, cinco artes pesqueiras distintas. Non é o mesmo as embarcacións que se dedican ao marisqueo —como xa falamos aquí os anteriores portavoces— usando rastros, ou raños, que aquelas que se dedican a outras artes, como nasas, trasmallos,... É certo que no caso das embarcacións dedicadas ao marisqueo

–coincido cos anteriores portavoces– pode ser excesivo o tamaño de cinco metros de eslora e eses GT para traballar en determinadas zonas. Pero lémbrolles tamén que, legalmente, as ditas embarcacións de artes menores poden levar ata 1.500 metros de betas e ata 300 nasas.

Señorías, non pretendamos, polo simple feito de facilitar a renovación de embarcacións, estimular a construción de unidades que, aínda sendo novas, continúen a ser inseguras para a actividade que desenvolven os seus tripulantes. Temos que velar precisamente por iso, pola súa seguridade.

Dito isto, no Grupo Parlamentario Popular cremos que é verdade que se debe modificar esta normativa básica, pero para os efectos das embarcacións, das súas competencias. Falo das competencias estatais, ou sexa, aquelas embarcacións que faenan en augas exteriores, como poden ser as da confraría da Garda ou da de Aguiño, ou aquelas embarcacións que alternan augas exteriores e augas interiores, como poden ser as confrarías da boca das rías. De todos os xeitos, gustárame volver mencionar algo que xa mencionou aquí o deputado nacionalista, que é o Estatuto de autonomía no seu artigo 27.15, por iso lle digo que suavizou bastante, porque aínda recordo –tamén temos memoria histórica– a forza con que vostede esixía o exercemento das nosas competencias –competencias exclusivas– na pesca da ría.

O anterior Goberno foi consciente do que di este artigo do Estatuto e da capacidade plena que tiña e, polo tanto, elaborou un decreto que establece o novo escenario para unha frota que só faena nas augas interiores: o decreto 197. ¿E por qué se fixo ese decreto nese momento? Pois ben, señorías, interesaba que o decreto non fora impugnado nin por Madrid nin por Bruxelas, e existían dúas razóns básicas para facelo nese momento. A primeira, non saíu antes porque daquela aínda estaban en vigor as axudas ás novas construcións a través dos fondos Ifop, polo que de ningún xeito era aconsellable sacar un decreto que puidera entorpecer que embarcacións deste porte e envergadura se visen beneficiadas polas mencionadas axudas. E a segunda, eramos coñecedores das ampolas que podería ter levantado a publicación do citado decreto tanto no Goberno central como no Goberno comunitario; e que non levantou, por certo, porque o Goberno comunitario non dixo nada e o Goberno central, lonxe de impugnar este decreto, o que si fixo foi pedirmos que as embarcacións non desapareceran do censo operativo da

frota, ao que o Goberno anterior lle contestou que efectivamente se manterían.

Señoría, en Galicia xa dispoñemos dunha normativa en vigor que establece o novo escenario para a dita frota de augas interiores. É verdade que hai que definir qué frota é a de augas interiores; é dicir, unha normativa básica para embarcacións que traballan dentro da liña [...]

O decreto di no preámbulo que hai que identificar a frota. No seu artigo 1 o obxecto é regular a frota da pesca interior da Comunidade Autónoma de cara á conservación e á mellora dos recursos pesqueiros, coa capacidade que este decreto ofrece para poder dar axudas e resolver os problemas destas embarcacións de menos de 1,5 GT. E, por último, tamén di –na disposición derradeira primeira– que se faculta o conselleiro –neste caso conselleira– competente en materia de pesca para ditar as disposicións necesarias para a aplicación e para o seu desenvolvemento.

Por iso, señor Lage, gustárame que desde o seu grupo animasen á conselleira do ramo a que desenvolva este decreto coa máxima celeridade. Que defina a frota pesqueira anterior, agora que non estamos encorsetados por un réxime comunitario de axudas, xa que lle compete a este país decidir todo o que ten que ver coa citada frota, así que non ten máis que exercer as súas competencias.

O Grupo Popular ante esta proposición non de lei, señorías, vai ser favorable, pero solicita tamén que se teña en conta este decreto.

Non creo que sexa necesario que lea a emenda porque xa a temos todos.

Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Mato.

Para posicionarse sobre a emenda ten a palabra o señor Lage Tuñas.

O señor LAGE TUÑAS: Grazas, señora presidenta.

Señora Mato, en primeiro lugar agradézolles que vaian apoiar a nosa proposición non de lei, porque rectificar é de

sabios, e a verdade é que o Grupo Socialista saúda sempre positivamente que poidan corrixir erros, que poidan darse conta daquelas cousas que non fixeron e que apoiem iniciativas que van en positivo. Pero temos que aclarar algunhas cousas, porque vostede aquí, cando menos, falou dunhas cantas circunstancias de xeito inexacto, por dicilo con cordialidade e con suavidade.

Vostede pídelle a este grupo que anime á consellería e á conselleira a desenvolver un decreto que vostedes non desenvolveron. O Grupo Parlamentario Socialista o que lle pide ao Goberno galego e á conselleira de Pesca é que cumpra co acordo de goberno e que, cando toque, como xa ten anunciado a conselleira de Pesca, se traia a este Parlamento unha lei básica de ordenación pesqueira. É dicir, que poña branco sobre negro e que, cando menos, regularicemos todo o que é a normativa que afecta ao sector pesqueiro galego.

Como pode comprender, falou aquí de axudas europeas, falou dun decreto que parece que quitaba os buques do censo español e comunitario, pero, con todo, creo que se deu conta de que era moi difícil de defender a súa posición; eu entendo que é difícil defender unha posición que levaba, a través dese decreto, a quitarnos de España e de Europa. E voulle dicir unha cousa, o Grupo Parlamentario Socialista, e este portavoz que lle fala, séntense moi a gusto tanto en España como en Europa, e vostede comprenderá que, co censo do que estaba a falar, vostedes na práctica, con ese decreto, o que estaban é poñéndonos fóra, non ao Grupo Parlamentario Socialista senón a máis de tres mil embarcacións de mariscadores e de mariñeiros galegos. É máis, diríalle que respecto dese desexo que teñen vostedes, nós o único que lle pedimos ao Goberno é que o fagan de xeito dialogado, como xa o teñen anunciado, que o fagan como non o fixeron vostedes, é dicir, que o fagan falando co sector e entendendo cal é a problemática, non de costas.

Polo tanto, benvido o apoio, pero, cando menos, hai que matizar algunhas cuestións; e hai outras que son importantes, como que se loite por que dentro do novo fondo europeo da pesca se poida incluír a frota artesanal galega e, polo tanto, que se permita que teñan a posibilidade de ter axudas dentro dese marco comunitario para a modernización e renovación da frota. Porque, non vaia ser que os intereses estean só en renovar unha parte da frota cando o 65% da frota galega é aquela da que estamos a falar agora mesmo.

E ao mellor ese interese non existiu con anterioridade, pero, como imos deixar atrás o pasado, e como miramos para adiante e miramos cara ao futuro, nós, o que lle pedimos ao Goberno –cónstanos que está a facelo– é que traballe para que nese novo Fondo Europeo da Pesca poida ter cabida esa frota artesanal galega e poida acceder ás axudas. Supoño que será complicado, que é complexo e que é difícil, pero aí é onde nós estamos, non estamos noutro sitio.

Nós, e eu particularmente, a verdade é que agradecemos a posición do Bloque Nacionalista Galego e do seu voceiro. Non concordamos no tema da liberación. Eu non sinto que me teña que liberar de nada, pero iso é certo, eu respecto as súas posicións políticas, como vostede sabe, señor Lobeira, e paréceme moi apropiado que as defenda con toda claridade e con toda nobreza, coa mesma que eu non podoo coincidir en liberar nada, porque, como lle dicía con anterioridade, nós sentímonos moi a gusto en España e en Europa.

Pero non podía deixar de recordarlle, señora Mato, que vostedes, na regularización de buques, estiveron dous anos mareando a mariscadores e a armadores destas embarcacións quitándolles fotos, medindo barcos..., en fin, facendo de todo. É máis, incluso contrataron unha empresa para que se regularizaran. E, ao final, ¿sabe o que pasou? Que estaban enganando a xente porque iso dependía do ministerio e non da consellería. Vostede sábeo. É máis, vostede aquí non foi exacta nas súas palabras, só lle recordo que a normativa comunitaria fixa cinco metros de eslora, pero non fala dun arqueo bruto determinado, non fala dunha determinada contía dos GT; debería de sabelo. Ao mellor esqueceuse. En todo caso, só se fala de cinco metros de eslora.

Eu agradézolle o apoio ao Grupo Parlamentario Popular porque, como dicía con anterioridade, creo que é positivo que os tres grupos da Cámara apoiem os intereses de moitas familias galegas que non poden renovar nin modernizar a súa embarcación. Polo tanto, considero que, se apoia a nosa iniciativa, retira a súa emenda, e, polo tanto, nós sentímonos moi gratificados.

Dámoslle as grazas polo seu apoio.

Nada máis. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Lage Tuñas.